A actividade económico financeira da Comunidade Autónoma de Galicia

PRINCIPAIS INDICADORES

SEGUNDO TRIMESTRE 2004



XUNTA DE GALICIA

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

PRINCIPAIS INDICADORES DA ACTIVIDADE ECONÓMICO - FINANCEIRA

2º TRIMESTRE 2004

CONTIDO **Páx.**

Esquema de relacións a nivel de xestión 2
Dereitos recoñecidos por Capítulos 4
Obrigas recoñecidas por Capítulos 5
Principais indicadores en termos de Contabilidade Nacional 6
Clasificación funcional do gasto 8
Esquema de relacións en termos de Caixa 9
Principais indicadores en termos de Caixa 10
Clasificación económica dos Ingresos 12
Clasificación económica dos Pagamentos 14

*Os datos están expresados en miles de euros e refírense á Administración Xeral

Esquema de Relacións a Nivel de Xestión

OPERACIÓNS CORRENTES

DEREITOS RECOÑECIDOS 3.383.432,0	OBRIGAS RECOÑECIDAS 2.816.082,3
	AFORRO 567.349,7

OPERACIÓNS DE CAPITAL

AFORRO 567.349,7	OBRIGAS RECOÑECIDAS 527.692,3
DEREITOS RECOÑECIDOS 402.364,6	CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO 442.022,0

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

1- ACTIVOS

CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO 442.022,0	EXIST. FIN. CAIXA 78.986,8
EXIST. INIC. CAIXA 17.810,2	DEBEDORES FINAIS 149.550,1
DEBEDORES INICIAIS +/- VARIAC. 157.843,9	ACTIVOS FINANCEIROS 51.625,7
ACTIVOS FINANCEIROS 18.847,6	SALDO NETO POSITIVO 356.361,1

2- PASIVOS

SALDO NETO POSITIVO 356.361,1	PASIVOS FINANCEIROS 157.195,5
PASIVOS FINANCEIROS 0,0	ACREEDORES INICIAIS +/- VARIAC 900.196,1
ACREEDORES FINAIS 701.030,5	

No esquema da páxina anterior representase en primeiro lugar, por diferencia entre os Dereitos Recoñecidos e as Obrigas Recoñecidas, referidas ambas magnitudes ás operacións correntes (dereitos de cobro rexistrados nos capítulos I a V do Presuposto de Ingresos e gastos rexistrados nos capítulos I a IV do Presuposto de Gastos), o **Aforro ou Desaforro Bruto**. Este representa o volume de recursos correntes que se destinan a financiar operacións de capital.

Agregando a esa cifra de Aforro Bruto a diferencia entre Dereitos Recoñecidos e Obrigas Recoñecidas por operacións de capital (capítulos VI e VII do presuposto de Ingresos e Gastos), obtense a **Capacidade ou Necesidade de Financiamento**. Esta magnitude expresa a medida na que é necesario acudir a operacións financeiras para equilibralo resultado presupostario.

Se a Capacidade ou Necesidade de Endebedamento se lle suma o saldo da variación neta de Activos Financeiros (diferencia entre saldos finais e iniciais de existencias de tesourería, Activos Financeiros e Debedores extrapresupostarios), resulta o **Saldo Neto Positivo ou Negativo** que debe financiar ou debe financiarse con Pasivos Financeiros.

O financiamento deste Saldo Neto pode provir de operacións extrapresupostarias, financiamento a curto prazo que se obtén polo tempo que media entre que a Administración rexistra o ingreso e procede ó seu pagamento ós acreedores; ou por endebedamento propiamente dito resultante da variación neta de Pasivos Financeiros de natureza presupostaria (capítulo IX do presuposto de Ingresos, emisión de débeda, menos capítulo IX do presuposto de Gastos, reembolso de débeda)

Dereitos Recoñecidos por Capítulos

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN TRIMESTRE		
	2004	**2003**	**% VAR.**	**2004**	**2003**	**% VAR.**
CAPITULO I. IMPOSTOS DIRECTOS						
100 IRPF. Tarifa autonómica	382.044,1	282.146,0	35,4	382.044,1	282.146,0	35,4
110 Imposto xeral sobre Suces. e D.	25.169,0	28.915,7	(13,0)	84.598,5	81.230,5	4,1
111 Imposto Extraordinario Patrimonio	(239,1)	1.012,7	(123,6)	895,4	1.567,0	(42,9)
TOTAL CAPÍTULO I	406.974,0	312.074,4	30,4	467.538,0	364.943,5	28,1
CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS						
200 Imposto sobre Transm. intervivos	52.041,3	43.132,0	20,7	116.095,5	95.736,7	21,3
201 Imposto sobre Actos Xuríd. Docum.	47.682,9	41.013,9	16,3	98.709,3	80.861,2	22,1
210 IVE	323.672,7	149.283,4	116,8	485.509,1	373.208,5	30,1
220 Impostos Especiais	267.488,8	219.529,4	21,8	277.879,7	219.529,4	26,6
221 Imp. Minorista sobre Hidrocarburos	33.705,5	13.068,0	157,9	34.806,4	13.068,0	166,3
28 Impostos extinguidos	0,0	0,0	-	0,0	0,0	-
290 Tributación Autonóm. s/ xogo	1.070,7	1.109,7	(3,5)	2.231,2	2.271,7	(1,8)
291 Gravamen sobre Contaminación Atmosférica	4.146,7	3.700,4	12,1	9.256,8	7.534,6	22,9
TOTAL CAPÍTULO II	729.808,6	470.836,8	55,0	1.024.488,0	792.210,1	29,3
CAPÍTULO III. TAX., PREZ. PÚBL. E OUTROS						
301 Taxas por Servicios administrativos	2.939,6	2.330,1	26,2	4.674,3	3.268,1	43,0
302 Taxas por Servicios profesionais	5.606,3	3.434,5	63,2	10.426,2	5.621,5	85,5
303 Taxas por Venda de Bens	304,8	12,2	2.398,8	1.026,9	21,3	4.725,8
311 Prezos públicos	2.579,7	2.691,0	(4,1)	4.367,9	5.047,7	(13,5)
312 Prezos privados	1.455,5	1.214,8	19,8	2.409,1	4.587,0	(47,5)
320 Taxa sobre o xogo	6.436,7	6.263,0	2,8	56.519,8	56.711,4	(0,3)
380 Reintegros de exercicios cerrados	3.320,6	2.023,8	64,1	8.271,8	5.063,2	63,4
381 Reintegros do presuposto corrente	389,8	567,9	(31,4)	482,7	672,7	(28,2)
391 Outros Ingresos- Recargos e M.	1.114,9	1.721,2	(35,2)	3.401,5	3.910,7	(13,0)
392 Sancións impostas polas Consell.	5.770,7	3.462,0	66,7	10.220,9	5.975,2	71,1
399 Ingresos diversos	560,0	277,1	102,1	962,9	5.564,5	(82,7)
TOTAL CAPÍTULO III	30.478,6	23.997,6	27,0	102.764,0	96.443,3	6,6
CAPÍTULO IV. TRANSF. CORRENTES	1.869.382,9	827.190,2	126,0	1.870.520,5	1.112.143,4	68,2
CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS	1.212,0	1.687,6	(28,2)	2.720,0	5.793,1	(53,0)
RECURSOS CORRENTES	3.037.856,1	1.635.786,6	85,7	3.468.030,5	2.371.533,4	46,2
CAPÍTULO VI. ALLEAMEN. INVEST. REAIS	41,5	104,5	(60,3)	214,5	104,5	105,3
CAPÍTULO VII. TRANSF. DE CAPITAL	314.726,2	136.092,0	131,3	317.551,6	143.708,8	121,0
RECURSOS DE CAPITAL	314.767,7	136.196,5	131,1	317.766,1	143.813,3	121,0
RECURSOS NON FINANCEIROS	3.352.623,8	1.771.983,1	89,2	3.785.796,6	2.515.346,7	50,5
CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	1.767,6	18.658,4	(90,5)	18.847,6	18.937,7	(0,5)
CAPÍTULO IX.PASIVOS FINANCEIROS	0,0	0,0	-	0,0	0,0	-
RECURSOS FINANCEIROS	1.767,6	18.658,4	(90,5)	18.847,6	18.937,7	(0,5)
T O T A L	**3.354.391,4**	**1.790.641,5**	**87,3**	**3.804.644,2**	**2.534.284,4**	**50,1**

Obrigas Recoñecidas por Capítulos

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN DE TRIMESTRE		
	2004	**2003**	**% VAR.**	**2004**	**2003**	**% VAR.**
1. Gastos de persoal	412.836,1	392.587,3	5,2	744.028,1	713.260,7	4,3
2. Gastos ctes. Bens e Serv.	87.285,4	77.597,5	12,5	157.868,0	142.560,5	10,7
3. Gastos financeiros	32.767,1	30.111,0	8,8	40.674,6	40.377,1	0,7
4. Transferencias correntes	1.048.542,3	919.988,5	14,0	1.873.511,6	1.735.501,0	8,0
Empregos Correntes	1.581.430,9	1.420.284,3	11,3	2.816.082,3	2.631.699,3	7,0
6. Investimentos Reais	189.258,3	134.125,0	41,1	227.092,7	168.618,2	34,7
7. Transferencias de Capital	185.887,9	185.026,7	0,5	300.599,6	256.554,8	17,2
Empregos de Capital	375.146,2	319.151,7	17,5	527.692,3	425.173,0	24,1
Empregos non Financeiros	1.956.577,1	1.739.436,0	12,5	3.343.774,6	3.056.872,3	9,4
8. Activos Financeiros	30.180,5	20.364,0	48,2	51.625,7	41.534,5	24,3
9. Pasivos Financeiros	121.491,1	116.620,5	4,2	157.195,5	152.324,9	3,2
Empregos Financeiros	151.671,6	136.984,5	10,7	208.821,2	193.859,4	7,7
T O T A L	**2.108.248,7**	**1.876.420,5**	**12,4**	**3.552.595,8**	**3.250.731,7**	**9,3**

Este cadro e o anterior expresan a execución dos presupostos de ingresos e gastos en termos de **Dereitos e Obrigas Recoñecidas**, respectivamente.

Realízase unha diferenciación entre as operacións non financeiras- capítulos 1 a 7- e operacións financeiras- capítulos 8 e 9. Dentro das operacións non financeiras distínguense as correntes- capítulos 1 a 5- e de capital- capítulos 6 e 7.

Principais Indicadores en Termos de Contabilidade Nacional

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN DE TRIMESTRE		
	2004	**2003**	**% VAR.**	**2004**	**2003**	**% VAR.**
Recursos Correntes	3.012.687,1	1.606.870,9	87,5	3.383.432,0	2.290.302,9	47,7
Empregos Correntes	1.581.430,8	1.420.284,3	11,3	2.816.082,3	2.631.699,3	7,0
Aforro Bruto	1.431.256,3	186.586,6	667,1	567.349,7	(341.396,4)	(266,2)
Recursos de Capital	339.936,7	165.112,2	105,9	402.364,6	225.043,8	78,8
Empregos de Capital	375.146,2	319.151,7	17,5	527.692,3	425.173,0	24,1
Capacidade(+) ou Necesidade(-) de Financiamento	1.396.046,8	32.547,1	4.189,3	442.022,0	(541.525,6)	(181,6)
Recursos/Empregos%	171,4	101,9	68,2	113,2	82,3	37,6

* Criterios SEC95

Neste cadro reflíctese, utilizando os criterios do Sistema Europeo de Contas (SEC95); se a Comunidade Autónoma obtivo uns ingresos procedentes de operacións correntes superiores ou inferiores ós gastos derivados do mesmo tipo de operacións, é dicir, **Aforro ou Desaforro Bruto**. Esta cifra de aforro bruto representa o volume de recursos correntes que se poden destinar a financiar operacións de capital.

Asimesmo, expresa si unindo a esta magnitude a diferencia entre os ingresos e os gastos procedentes de oper acións de capital, a Comunidade posúe **capacidade para financiar** a outros sectores ou **necesita** acudir a operacións financeiras para equilibrar o seu **resultado presupostario**.





Aforro Bruto

Durante o primeiro semestre do ano 2004 a Comunidade Autónoma obtivo un aforro bruto positivo de 567.349,7 miles de euros. No mesmo periodo do ano anterior o aforro bruto foi negativo en 341.396,4 miles de euros.





Capacidade (+) ou Necesidade (-) de Financiamento

A capacidade de financiamento da Comunidade Autónoma no primeiro semestre de 2004 ascendeu a 442.022,0 miles de euros; o ano anterior rexistrouse unha necesidade de financiamento de 541.525,6 miles de euros.

En millóns, acumulado

Clasificación Funcional do Gasto

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN DE TRIMESTRE		
GRUPOS FUNCIONAIS	2004	2003	% VAR.	2004	2003	% VAR.
1. Servicios de Carácter Xeral	43.672,7	40.406,8	8,1	71.883,8	68.848,4	4,4
2. Seguridade, Protección e Promoción Social	105.128,2	110.203,0	(4,6)	156.390,8	156.112,5	0,2
3. Producción de Bens Púb. de Carácter Social	1.187.263,8	1.100.421,6	7,9	2.230.144,7	2.080.863,0	7,2
4. Producción de Bens Públ. de Carácter Econ.	158.310,3	96.593,0	63,9	200.603,4	133.065,4	50,8
5. Regulación Económica de Carácter xeral	24.132,6	14.347,9	68,2	42.856,5	31.342,3	36,7
6. Regulación Económcia de Sectores Productiv.	113.131,1	135.533,4	(16,5)	183.156,4	180.710,5	1,4
7. Plan de Crecemento e Emprego	27.213,5	21.185,2	28,5	44.937,1	29.870,9	50,4
8. Transferencias a Entidades Locais	295.326,8	211.248,8	39,8	425.138,8	377.706,3	12,6
9. Débeda Pública	154.069,8	146.480,9	5,2	197.484,3	192.212,4	2,7

O cadro superior, representa a execución do presuposto de gastos a través da súa clasificación funcional por grupos de función.

O grupo de función 1. "Servicios de carácter xeral" correspóndese cos gastos necesarios para o funcionamento ordinario do sistema administrativo, fundamentalmente capítulos de gastos de persoal e gastos en bens e servicios correntes.

O gasto social do presuposto, aquel que ten por finalidade o incremento do benestar e a redistribución da renda, contense nos grupos de función 2. "Seguridade, Protección e Promoción Social" e no 3. "Producción de bens de carácter público".

As políticas de crecemento económico, elevación da renda e creación de emprego execútanse a través dos créditos contidos nos grupos de función 4., 5., 6., e 7.

O grupos de función 8. "Transferencias a Entidades Locais" recolle a función mediadora da Comunidade Autónoma no financiamento de Concellos e Deputacións.

No grupo de función 9. "Débeda Pública", contabilízanse os gastos de amortización de débeda e o pago dos intereses que esta xera.

Esquema de Relacións en Termos de Caixa



Principais Indicadores en Termos de Caixa

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN DE TRIMESTRE		
	2004	**2003**	**% VAR.**	**2004**	**2003**	**% VAR.**
Ingresos non Financeiros	2.198.180,1	1.860.392,1	18,2	4.249.803,8	3.771.842,0	12,7
Pagamentos non Financeiros	2.171.721,8	1.888.883,7	15,0	3.999.493,2	3.591.075,7	11,4
Déficit (-) ou Superávit (+) de Caixa non Financeiro.	26.458,3	(28.491,6)	(192,9)	250.310,6	180.766,3	38,5
Variación Neta Activos Financeiros	95.032,8	95.954,1	(1,0)	(93.115,1)	(77.599,4)	20,0
Capacidade (+) ou Necesidade (-) de endebedament	121.491,1	67.462,5	80,1	157.195,5	103.166,9	52,4
Variación Neta Pasivos Financeiros	(121.491,1)	(67.462,5)	80,1	(157.195,5)	(103.166,9)	52,4

Neste cadro, en no esquema da páxina anterior, obsérvase a relación entre os cobros e os pagamentos que realiza a Comunidade.

En primeiro lugar, reflicte si a entrada de efectivo por operacións de carácter non financeiro incluíndo tanto as procedentes da execución do presuposto como as extrapresupostarias é superior ou inferior á saída, o que determina a existencia dun **Superávit ou un Déficit de Caixa**.

En segundo lugar, agregando a esta magnitude o saldo da variación neta de Activos Financeiros obtemos **a Capacidade ou Necesidade de Endebedamento** ou **Saldo Presupostario**.

Esta última magnitude reflicte a capacidade que tivo o Presuposto de autofinanciarse. Así, se o saldo é positivo significa que a financiación cubriu tódalas necesidades do exercicio e o superávit pode destinarse a diminuír o endebedamento (variación neta de Pasivos Financeiros negativa); mentres que se é negativo precisase de recorrer ó incremento do financiamento alleo para cubrilo déficit (variación neta de Pasivos Financeiros positiva).



Déficit (-) ou superávit (+) de Caixa non Financeiro

Durante o primeiro semestre do exercicio 2004 a Comunidade Autónoma obtivo un superávit de caixa non financeiro de 250.310,6 miles de euros. No mesmo periodo do ano anterior o superávit alcanzou os 180.766,3 miles de euros, polo tanto, produciuse un aumento do 38,5%.



Capacidade (+) ou necesidade (-) de endebedamento

A Comunidade Autónoma reflicte para os primeiros seis meses do ano 2004 unha capacidade de endebedamento de 157.195,5 miles de euros, o que supón un aumento do 52,4% respecto do mesmo periodo do ano anterior no que ésta foi de 103.166,9 miles de euros.

En millóns, acumulado

Clasificación Económica dos Ingresos

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN DE TRIMESTRE		
	2004	2003	% VAR.	2.004	2003	% VAR.
CAPITULO I. IMPOSTOS DIRECTOS						
100 IRPF. Tarifa autonómica	382.044,1	282.146,0	35,4	382.044,1	282.146,0	35,4
110 Imposto xeral sobre Suces. e D.	24.454,1	24.458,9	(0,0)	47.469,5	43.766,5	8,5
111 Imposto Extraordinario Patrimonio	(270,9)	804,1	(133,7)	196,6	809,0	(75,7)
TOTAL CAPÍTULO I	406.227,3	307.409,0	32,1	429.710,2	326.721,5	31,5
CAPÍTULO II. IMPOSTOS INDIRECTOS						
200 Imposto sobre Transm. intervivos	52.415,0	41.515,1	26,3	103.064,4	83.956,5	22,8
201 Imposto sobre Actos Xurid. Docum.	47.455,5	40.097,2	18,4	94.790,8	77.216,8	22,8
210 IVE	323.672,7	149.283,4	116,8	485.509,0	373.208,5	30,1
220 Impostos Especiais	267.488,8	219.529,4	21,8	277.879,7	219.529,4	26,6
221 Imp. Minorista sobre Hidrocarburos	33.705,6	13.068,0	157,9	34.806,4	13.068,0	166,3
28 Impostos extinguidos	0,0	0,0	-	0,0	0,0	-
290 Tributación Autonóm. s/ xogo	1.070,7	1.109,7	(3,5)	2.231,2	2.271,7	(1,8)
291 Gravamen sobre Contaminación Atmosférica	4.476,2	3.686,0	21,4	8.986,7	6.873,3	30,7
TOTAL CAPÍTULO II	730.284,5	468.288,8	55,9	1.007.268,2	776.124,2	29,8
CAPÍTULO III. TAX., PREZ. PÚBL. E OUTROS						
301 Taxas por Servicios administrativos	2.939,6	2.330,1	26,2	4.674,3	3.268,1	43,0
302 Taxas por Servicios profesionais	5.606,6	3.410,0	64,4	8.951,2	5.483,9	63,2
303 Taxas por Venda de Bens	304,7	12,2	2.398,8	1.026,9	21,3	4.725,8
311 Prezos públicos	2.562,5	2.672,1	(4,1)	4.350,6	5.025,5	(13,4)
312 Prezos privados	1.455,5	1.214,8	19,8	2.409,1	4.587,0	(47,5)
320 Taxa sobre o xogo	16.987,2	17.216,9	(1,3)	34.584,5	35.125,4	(1,5)
380 Reintegros de exercicios cerrados	1.861,5	809,7	129,9	4.031,8	2.436,0	65,5
381 Reintegros do presuposto corrente	397,5	609,8	(34,8)	434,4	641,9	(32,3)
391 Outros Ingresos- Recargos e M.	1.008,0	1.346,2	(25,1)	1.604,6	2.116,7	(24,2)
392 Sancións impostas polas Consell.	3.208,0	1.491,8	115,0	4.925,1	2.235,6	120,3
399 Ingresos diversos	550,2	277,1	98,6	947,1	5.564,5	(83,0)
TOTAL CAPÍTULO III	36.881,3	31.390,7	17,5	67.939,6	66.505,9	2,2
CAPÍTULO IV. TRANSF. CORRENTES	1.868.846,9	827.190,2	125,9	1.869.770,7	1.111.872,9	68,2
CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS	1.212,0	1.687,6	(28,2)	2.720,0	5.793,1	(53,0)
RECURSOS CORRENTES	3.043.452,0	1.635.966,3	86,0	3.377.408,7	2.287.017,6	47,7
CAPÍTULO VI. ALLEAMEN. INVEST. REAIS	41,5	104,5	(60,3)	214,6	104,5	105,4
CAPÍTULO VII. TRANSF. DE CAPITAL	314.726,2	136.092,0	131,3	317.192,1	143.349,3	121,3
RECURSOS DE CAPITAL	314.767,7	136.196,5	131,1	317.406,7	143.453,8	121,3
RECURSOS NON FINANCEIROS	3.358.219,7	1.772.162,8	89,5	3.694.815,4	2.430.471,4	52,0
CAPÍTULO VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	1.767,6	18.658,4	(90,5)	18.847,6	18.915,1	(0,4)
CAPÍTULO IX.PASIVOS FINANCEIROS	0,0	0,0	-	0,0	0,0	-
RECURSOS FINANCEIROS	1.767,6	18.658,4	(90,5)	18.847,6	18.915,1	(0,4)
T O T A L	**3.359.987,3**	**1.790.821,2**	**87,6**	**3.713.663,0**	**2.449.386,5**	**51,6**



En millóns, acumulado

Ingresos non Financeiros

Os ingresos presupostarios de carácter non financeiro recadados na Comunidade Autónoma ata o segundo trimestre do ano 2004 ascenden a 3.694.815,4 miles de euros, o que representa un aumento con respecto ó exercicio anterior do 52%.

O gráfico superior, así como o cadro da páxina precedente reflicten a recadación líquida, isto é, a entrada neta de capitais na tesourería da Comunidade, de carácter presupostario da Administración Xeral correspondente ó período de referencia e a súa comparación interanual.

A información detállase por capítulos e agrupando estes en recursos non financeiros, os correspondentes ós capítulos I ao VII , e recursos de carácter financeiro, activos e pasivos financeiros. Así mesmo, se distingue, dentro dos recursos non financeiros os procedentes de operacións correntes e os de capital.

Clasificación Económica dos Pagamentos

	2º TRIMESTRE			ACUMULADO A FIN DE TRIMESTRE		
	2004	**2003**	**% VAR.**	**2004**	**2003**	**% VAR.**
1. Gastos de persoal	410.912,9	391.398,8	5,0	742.070,2	710.863,3	4,4
2. Gastos Ctes. Bens e Servicios	86.410,0	77.985,1	10,8	147.488,6	132.791,5	11,1
3. Gastos Financeiros	32.768,9	28.954,2	13,2	40.674,4	38.981,3	4,3
4. Transferencias Correntes	1.032.857,7	880.905,7	17,2	1.835.808,1	1.680.795,9	9,2
Pagamentos Correntes	1.562.949,5	1.379.243,8	13,3	2.766.041,3	2.563.432,0	7,9
6. Investimentos Reais	158.674,4	116.717,3	35,9	181.252,7	141.766,8	27,9
7. Transferencias de Capital	176.762,7	147.804,2	19,6	223.085,4	188.573,6	18,3
Pagamentos de Capital	335.437,1	264.521,5	26,8	404.338,1	330.340,4	22,4
Pagamentos non Financeiros	1.898.386,6	1.643.765,3	15,5	3.170.379,4	2.893.772,4	9,6
8. Activos Financeiros	29.340,9	20.744,1	41,4	50.786,1	40.249,5	26,2
9. Pasivos Financeiros	121.491,1	67.462,5	80,1	157.195,5	103.166,9	52,4
Pagamentos Financeiros	150.832,0	88.206,6	71,0	207.981,6	143.416,4	45,0
T O T A L	**2.049.218,6**	**1.731.971,9**	**18,3**	**3.378.361,0**	**3.037.188,8**	**11,2**



En millóns, acumulado

Pagamentos non Financeiros

Os pagamentos presupostarios non financeiros realizados pola Comunidade Autónoma ata o segundo trimestre do exercicio 2004 elevánse a 3.170.379,4 miles de euros, que fronte os 2.893.772,4 miles de euros de 2003 supoñen un aumento do 9,6%.

O gráfico superior, así como o cadro da páxina precedente reflicten os pagamentos presupostarios da Administración Xeral durante o período de referencia así como a súa comparación interanual.

A información detállase por capítulos de gasto e agrupando estes en recursos non financeiros, os correspondentes ós capítulos I ao VII , e recursos de carácter financeiro, activos e pasivos financeiros. Así mesmo, se distingue, dentro dos recursos non financeiros os procedentes de operacións correntes e os de capital.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma